

PLAN DIXITAL

CEIP de Cervo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP de Cervo

Código: 27015301

Dirección: Pedrouzo s/n 27891 Cervo

Correo electrónico: ceip.cervo@edu.xunta.gal

Niveis educativos: Educación Infantil e Primaria

Número de alumnado: 118

Número de profesorado: 18

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O centro está situado no Concello de Cervo, concello da Mariña occidental cuns 4192 habitantes (INE 2021). Malia que boa parte da economía local depende do sector primario tamén existe sector industrial e turístico. Na actualidade a principal industria é a empresa ALCOA e a cerámica de Sargadelos. O centro está situado na parroquia de Cervo, capitalidade do concello, onde está tamén a Casa do Concello e o Centro de Saúde, e acolle alumnado das parroquias de Castelo, Sargadelos, Cervo e Rúa (3 liñas de transporte escolar) e de Burela (liña privada de transporte xestionada pola ANPA).

- Integración e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros plans e proxectos de centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa...

Actualmente, o centro forma parte do PLAMBE, Plan LIA.2, Bibliotecas creativas, Radio na biblio, Clubs de lectura, Lectura e familias, Digicraft, E-twinning, Plan Proxecta (nas modalidades de Proxectos de Vida Activa e Deportiva, Proxecto Ríos e Recíclate con Sogama), CPInnova (EDUSaúde), Voz Natura e contrato-programa Recupérate (ARCO e PROA+). Contamos tamén cun PFPP.

- Contribución do PD á PXA no curso 2022/23.

O PD pretende aportar un enfoque estratéxico para o desenvolvemento duns plans de acción dentro do centro educativo, no eido tecnolóxico, que permita acadar os obxectivos establecidos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121.1 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5, no que se establece que as Administracións

educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Segundo a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, elabórase ao longo deste presente curso, o documento aquí deseñado.

1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación a realizarse en base á información recollida dos informes de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE. No segundo trimestre fixémoslo a modo individual grazas ao Test CDD, para así iniciar coa fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

No curso 2022/2023, o centro procederá á implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro dispón da rede corporativa sen fíos “edu.xunta.es” e “ABALAR” en toda a súa extensión. Tamén se fixo o cambio á fibra de alta velocidade de Movistar. Dispoñemos de 1 liña de voz: Dirección.

En cada aula, o profesorado dispón dun PC portátil con Windows, agás nas aulas E-Dixgal, nas que o profesorado emprega a Maqueta Abalar 8, así como o alumnado, tanto en 5º como en 6º. Dispoñemos, ademais, de dous PC de sobremesa na sala de uso común para a impresión de documentos, conectados en rede con 1 fotocopiadora. Tamén están o PC de sobremesa de Dirección e un portátil en Secretaría, Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación, AL, PT un sobremesa e un PC para catalogación na Biblioteca. Dispoñemos de seis tablets na Biblioteca e unha impresora 3D. Nos cursos de 3º e 4º hai 21 portátiles para o alumnado.

O medio de difusión principal do centro educativo é a páxina web. Nela, as familias poden acceder dunha forma directa e sinxela á información recente do seu interese, como o proceso de matriculación, axudas para a adquisición de libros e/ou material, servizos complementarios (comedor e transporte), etc. A nosa web tamén é punto de acceso para o profesorado e alumnado á Aula Virtual, a cal emprega o profesorado de 3º e 4º de Primaria co seu alumnado. En 5º e 6º dispoñemos de E-Dixgal, e o profesorado e o alumnado emprega a plataforma virtual EVA accesible ao profesorado e ao alumnado que permite acceder, editar e organizar recursos educativos dixitais coa finalidade de desenvolver a actividade educativa diaria. EspazoAbalar é unha ferramenta de uso cotián e moi empregada polo centro e polo profesorado para comunicarse coas familias (ao que acceden a través da app AbalarMóbil) e para cubrir información relacionada coas titorías individuais. A maioría das familias tamén emprega EspazoAbalar para realizar o pago do comedor. A nivel de aula hai profesorado que tamén emprega outras plataformas baixo autorización previa das familias.

O mantemento dos equipos dixitais do noso centro está realizado principalmente polo Coordinador TIC, quen fai unha primeira avaliación do estado dos equipos e atende aos reportes do profesorado ou alumnado en referencia a problemas, dúbidas ou incidencias técnicas. Se o problema persiste ou non ten solución por parte do centro, este comunícase coa UAC e abre incidencia para o seu seguimento e posterior soporte.

Enlace ao Plan de continxencia do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/system/files/Plan%20COVID19%2021-22.pdf>

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE (páxina 4 do Informe SELFIE)

| Areas | Grupos | Ensinanzas |
|---|----------------|------------|
| | | Primaria |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 3,6 |
| | Profesorado | 3,9 |
| | Alumnado | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3,6 |
| | Profesorado | 3,3 |
| | Alumnado | 3,4 |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 4 |
| | Profesorado | 3,9 |
| | Alumnado | 4,8 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4,3 |
| | Profesorado | 3,2 |
| | Alumnado | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 4,5 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 3,9 |
| | Profesorado | 3,7 |
| | Alumnado | 3,9 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 3,5 |
| | Profesorado | 2,6 |
| | Alumnado | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 3,9 |
| | Profesorado | 3,9 |
| | Alumnado | 4,7 |

Autoavaliación do Test CDD (táboas)

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 13 | 16 | 81,3% |
| PROVISIONAL | 1 | 1 | 100% |
| INTERINO | 1 | 1 | 100% |
| SUBSTITUTO | - | - | - |
| DESPRAZADO | - | - | - |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 70,3 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-----|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| INF | 71 | Integrador/a (B1) | 68,2 | Integrador/a (B1) |
| PRI | 78 | Integrador/a (B1) | 77 | Integrador/a (B1) |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | 1 | 6,7% |
| A2 | 5 | 33,3% |
| B1 | 6 | 40% |
| B2 | 3 | 20% |
| C1 | - | - |
| C2 | - | - |
| TOTAL | 15 | 100% |

2.2. Análise DAFO

DAFO do CEIP de Cervo partindo da análise cuantitativa e cualitativa do Informe SELFIE.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-----------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | No noso centro hai dispositivos dixitais para usar na nosa labor docente. No noso centro dispoñemos de bo acceso a internet. O alumnado EDIXGAL recibe asistencia técnica efectiva e áxil. No noso centro hai dispositivos dixitais que o alumnado pode usar cando precise. No noso centro hai dispositivos portátiles que o alumnado pode levar a casa se así o precisa. | O equipo docente non dispón dunha asistencia técnica rápida cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais. |
| | PERSOAL DOCENTE | O profesorado emprega novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. No noso centro, o profesorado busca e crea recursos educativos dixitais para reforzar a súa labor de ensino. O profesorado do noso centro emprega entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. No noso centro o profesorado usa tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método ás características de cada alumno/a, así como para fomentar a súa creatividade, e estimular a motivación. | No noso centro non avaliamos con tecnoloxías dixitais No noso centro non debatemos sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais No noso centro o profesorado non emprega recursos educativos abertos. No noso centro non usamos tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado, nin para facilitar retroalimentación adecuada ao alumnado. |
| | PERSOAL NON DOCENTE | | |
| | ALUMNADO | No noso centro utilízanse tecnoloxías dixitais | |

| | | | |
|--|-------------------------------|---|--|
| | | para traballar en grupo. No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura e responsable en internet, así como a comprobar se a información que atopa é fiable e precisa. O alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet. No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais, así como a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais. No noso centro o alumnado aprende certas nocións de codificación e programación. | No noso centro o alumnado desenvolve habilidades dixitais, mais non en todas as materias. No noso centro o alumnado aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao usar tecnoloxías dixitais. |
| | FAMILIAS | | |
| | OFERTA | | |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | O noso centro non conta cunha estratexia dixital definida |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|-------------------|---------------------------------|---|----------------|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | | |
| | LEXISLACIÓN | | |
| | CONTORNA | | |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | No noso centro usamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. | |

Plan de Acción

Neste Plan Dixital 1.0 deseñamos 5 obxectivos como propostas de mellora das competencias dixitais do profesorado e do alumnado, así como a mellora da infraestrutura, plan de comunicación e dispositivos. Temos un centro con moitos recursos dos que sacar bo partido e queremos seguir mellorando solicitando a incorporación de novos proxectos.

2.3. Obxectivos, indicadores e accións

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

2.4. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No noso centro precisamos de sete paneis interactivos para as nosas aulas desde Infantil a Primaria. Despregar a rede de datos corporativa no pavillón e comedor. Un proxector para substituír nunha aula de infantil. Un ordenador e seis tablets para Radio na Biblio. Renovación dos equipos de administración do centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| Área/s de mellora: D - Desenvolvemento profesional continuo | | | | | | |
|--|--|-----------------------|-------------------------|--------------------------|----------------|--|
| OBXECTIVO 1: (1) | Chegar a acordos a nivel de claustro sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino con tecnoloxías dixitais | | | | Acadado | |
| Responsable: | Director | | | | | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Debates proveitosos realizados durante o periodo establecido | | | | | |
| Valor de partida: (3) | Non se debate entre o profesorado sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino dixital | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 6 debates entre o profesorado sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino dixital alomenos dúas ao trimestre | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Elaborar un calendario de reunións axeitado ás necesidades | Xefatura de estudos/Dirección | 30/09/2022 | Documento | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Cumplir o calendario de reunións e as ordes do día correspondentes | Dirección | 30/06/2023 | Documento | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Recoller en acta os acordos tomados | Dirección | 30/06/2023 | Documento | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: A - Liderazgo | | | | | | |
|---|---|------------------------------|---|---------------------------------|--------------------|--|
| OBXECTIVO 2: (1) | Contar cun Plan Dixital de centro dende o curso 2022/23 | | | | Acadado | |
| Responsable: | Dirección | | | | | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2) | O 100% da comunidade educativa ten acceso ao Plan Dixital de centro | | | | | |
| Valor de partida: (3) | 0 plans dixitais de centro | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | 1 plan dixital de centro | | | Setembro 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO2.1: Formarse para unha correcta elaboración do Plan Dixital de centro | Coordinadora da liña de traballo do Plan Dixital dentro do PFPP do centro | 31/05/2022 | Ordenadores | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.2: Elaborar o Plan Dixital de Centro | Equipo de dinamización do Plan Dixital | 30/06/2022 | Ordenadores | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.3: Elevar o Plan Dixital ao Consello Escolar para a súa aprobación, unha vez oído o claustro | Dirección | 30/06/2022 | Ordenador, convocatoria, acta, lugar para reunión | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: E - Pedagogía: apoios e recursos | | | | | | |
|--|---|-------------------|--|-----------------------|--------------------|--|
| OBXECTIVO 3: | Crear unha biblioteca dixital | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador/a da biblioteca | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Existencia dunha biblioteca dixital | | | | | |
| Valor de partida | Non existe | | | | | |
| Valor previsto e data | Ter unha biblioteca dixital en funcionamento para alumnado, familias e docentes | | | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| A03.1: Matricular ao alumnado e profesorado en Koha e Elbe | Coordinador biblioteca e equipo biblioteca | 30/07/2022 | Aplicacións e claves de acceso (Koha e Elbe) | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.2: Promocionar a biblioteca entre a nosa comunidade educativa | Responsables redes sociais ou medios de difusión de información | 30/06/2023 | Redes sociais e dispositivos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.3: Formar ao claustro no seu uso | Coordinador biblioteca e equipo biblioteca | 22/12/2022 | Chaves de acceso e formadores | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.4: Formar ao alumnado no seu uso | Titores e equipo de biblioteca | 22/12/2022 | Chaves de acceso e formadores | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.5: Introducir o seu uso nas aulas | Titores | 30/06/2023 | Equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |

| OBXECTIVO 5: | Utilizar tecnoloxías dixitais para avaliar actividades | | Acadado | | |
|---|--|-------------------|--|-----------------------|------------------|
| Responsable: | Xefatura de estudos, profesorado titor e especialistas | | Non acadado | | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: | Porcentaxe do profesorado que utiliza as tecnoloxías dixitais para a avaliación. | | | | |
| Valor de partida: | O 10% do profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para a avaliación. | | | | |
| Valor previsto e data: | O 60% do profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para a avaliación. | 30/06/2023 | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO |
| A05.1: Crear unha guía onde figure a metodoloxía a seguir | Xefatura de estudos e coordinadores de ciclo | 30/09/2022 | Documento - guía | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |
| A05.2: Crear na Aula Virtual do centro, tarefas e probas para poder avaliar contidos impartidos | Profesorado titor e especialista | 22/12/2022 | Aula virtual Actividades dos mestres | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |
| A05.3: Cualificar tarefas e probas usando as tecnoloxías dixitais | Profesorado titor e especialista | 22/12/2022 | Aula virtual Resultado da avaliación | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |
| A05.4: Utilizar autoavaliación e coavaliación despois de usar unha ferramenta tecnolóxica no proceso de ensino aprendizaxe | Titor e especialistas | 30/06/2023 | Equipos informáticos e acceso a internet | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |
| A05.5: Crear momentos de reflexión sobre as TIC dende as distintas actividades realizadas no proceso de ensino-aprendizaxe | Titor e especialistas | 30/06/2023 | Material TIC da aula e do alumnado | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |

| | | | | | | |
|--|--|--|--|--|-----------------|--|
| | | | | | Pendente | |
|--|--|--|--|--|-----------------|--|

Avaliación do plan

2.5. Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos nos seguintes contextos:

No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, facendo xuntanzas do Equipo de Dinamización do Plan Dixital e levantando actas de ditas reunións, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Analizarase se os obxectivos e as accións do Plan Dixital se están a acadar ou non.

No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

2.6. Propostas de mellora (revisión)

O Plan Dixital vixente nese momento será incorporado ao Proxecto Educativo cando se actualice o mesmo. Unha concreción do Plan Dixital será incorporada á Programación Xeral Anual, posiblemente xunto con outros obxectivos relacionados coas TIC que non aparecen neste Plan por ter este unha estrutura demasiado rixida e polo pouco prazo que nos dan para a realización do mesmo. As propostas de mellora serán recollidas polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital na memoria xeral do centro.

3. Difusión do plan

Unha vez aprobado en Consello Escolar, o Plan Dixital estará dispoñible para toda a comunidade educativa na páxina web do centro. O enlace publicaráse nas RSS do centro (na actualidade, Instagram e Twitter) e enviarase a todas as familias a través de EspazoAbalar (AbalarMóbil).